

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDADE (FEUGA), PARA O APOIO AOS PROGRAMAS DE BECAS DE FORMACIÓN PRÁCTICA DE PERSOAS TITULADAS EN ENSINANZAS ARTÍSTICAS E ENSINANZAS DEPORTIVAS

En Santiago de Compostela, a quince de novembro de dous mil trece

COMPARECEN

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nomeado mediante o Decreto 9/2012, do 3 de xaneiro, con arranxo ao disposto no artigo 16.3 do Estatuto de Autonomía e no artigo 26.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, na súa redacción dada pola Lei 11/1989, do 20 de outubro.

Doutra, a Fundación Empresa-Universidade Galega, (FEUGA) con CIF número G – 15.051.667, con sede social na rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n de Santiago de Compostela, e no seu nome e representación don Francisco J. Pereiro Pérez, como director xeral da Fundación Empresa-Universidade Galega, facultado para este acto en virtude de poder outorgado ao seu favor.

Ambos interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e

MANIFESTAN

1. Que o artigo 3 da Lei Orgánica 2/2006, de Educación, relativo ás ensinanzas, que entre as que ofrece o sistema educativo, están, – entre outras – a formación profesional e a educación universitaria, as denominadas ensinanzas artísticas e as ensinanzas deportivas.

2. Segundo o previsto no Capítulo VI do Título I da Lei Orgánica 2/2006 de Educación, as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionar ao alumnado formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, da danza, do arte dramático, as artes plásticas e o deseño.

Son ensinanzas artísticas as seguintes:

- As ensinanzas elementais de música e de danza.

- As ensinanzas artísticas profesionais. Teñen esta condición as ensinanzas profesionais de música e danza, así como os graos medio e superior de artes plásticas e deseño.
- As ensinanzas artísticas superiores. Teñen esta condición os estudos superiores de música e de danza, as ensinanzas de arte dramática, as ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais, os estudos superiores de deseño e os estudos superiores de artes plásticas, entre os que se inclúen os estudos superiores de cerámica e os estudos superiores do vidro.

3. Que o Capítulo VIII da Lei Orgánica 2/2006, de Educación está dedicado ás ensinanzas deportivas, nel se contempla que a finalidade destas ensinanzas é preparar aos alumnos para a actividade profesional en relación cunha modalidade ou especialidade deportiva, así como facilitar a súa adaptación á evolución do mundo laboral e deportivo e á cidadanía activa.

4. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e FEUGA subscribiron en marzo de 2012 un convenio de colaboración para o apoio aos programas de bolsas de formación práctica de persoas tituladas en formación profesional, co obxecto de colaborar para proporcionar aos novos titulados maior formación e cualificación práctica para facilitar a súa inserción profesional.

5. Que ambas partes consideran un acerto a subscrición do devandito convenio polo apoio que para o desenvolvemento e a inserción laboral dos titulados en formación profesional está a supoñer.

6. Que as partes estiman que o sistema de becas articulado por FEUGA dirixido a titulados universitarios e de formación profesional estaría en certo modo incompleto de non contemplar asemade o que se pode denominar terceiro pilar das ensinanzas superiores do sistema educativo configurado pola Lei Orgánica 2/2006, cuxa previsión repercutiría positivamente non só nos titulados nas devanditas ensinanzas senón tamén na economía e sociedade galega, o que leva a FEUGA a decidir, en cumprimento e desenvolvemento dos seus fins, a posta en marcha dun programa de becas de formación práctica de carácter non laboral dirixido aos titulados en ensinanzas artísticas e titulados en ensinanzas deportivas e, polo tanto, con cualificación pero con nula ou escasa experiencia práctica e baixo a supervisión directa dun titor.

7. Neste marco, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e FEUGA resaltan a necesidade de unir esforzos, optimizando o aproveitamento dos recursos dispoñibles e coordinando as distintas medidas de apoio ás iniciativas de formación práctica en empresas e inserción profesional de titulados nas diferentes ensinanzas artísticas e nas distintas modalidades de ensinanzas deportivas do sistema educativo de Galicia, e acordan a extensión e aplicación do convenio de colaboración subscrito para o apoio aos programas de bolsas de formación práctica de persoas tituladas en formación profesional ás persoas tituladas en ensinanzas artísticas e en ensinanzas deportivas, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, e FEUGA, dentro das accións de apoio ás ensinanzas artísticas e ás ensinanzas deportivas do sistema educativo de Galicia, colaborarán para proporcionar aos titulados nestas ensinanzas, maior formación e cualificación práctica para facilitar a súa inserción profesional.

Segunda. O obxecto da presente addenda é ampliar, en todos os seus termos, a aplicación do convenio de colaboración subscrito entre as partes en marzo de dous mil doce sobre o apoio aos programas de bolsas de formación práctica de persoas tituladas en formación profesional ás persoas tituladas en

ensinanzas artísticas e deportivas, resultándolle de aplicación as condicións xerais e específicas fixadas nas cláusulas do mesmo para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e FEUGA.

Os titulados aos que se estende a aplicación do convenio de marzo de 2012, a través da presente addenda, son os seguintes:

- Titulados nas ensinanzas de artes plásticas e deseño.
- Titulados en ensinanzas artísticas superiores de deseño.
- Titulados en ensinanzas artísticas superiores en conservación e restauración de bens culturais.
- Titulados en ensinanzas artísticas superiores en arte dramática.
- Titulados en ensinanzas artísticas superiores en música.
- Titulados en ensinanzas profesionais de música e de danza.
- Titulados en ensinanzas deportivas.

Terceira. Para o seguimento da súa execución ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos da mesma que poidan xurdir, será competente a comisión mixta fixada na cláusula oitava do convenio asinado en marzo de 2012, a cal terá as mesmas funcións respecto da presente addenda.

Cuarta. A presente addenda terá duración anual, entrando en vigor a partir da data da súa sinatura, e prorrogarase automaticamente por períodos anuais se non existe denuncia por ningunha das partes. Esta denuncia realizarase con tres meses de antelación á finalización de cada período.

En proba da conformidade das partes, asinan por triplicado exemplar esta addenda ao convenio de marzo de dous mil doce, na data e lugar arriba indicados.

Pola Fundación Empresa-Universidade Galega
(FEUGA)

Pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación
Universitaria

Francisco J. Pereiro Pérez

Jesús Vázquez Abad